



## ANUNCIO

SELECCIÓN DE TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A, POR PROGRAMA, MEDIANTE CONCURSO, A TEMPO PARCIAL - MEDIA XORNADA.

Aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 23/03/2026, as bases reguladoras e a convocatoria do procedemento para a selección con carácter urxente, mediante o sistema de concurso, e nomeamento como funcionario/a interino/a dun/ha traballador/a social, a tempo parcial - media xornada, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; subvencionado pola Consellería de Política Social, no proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais (PASSCM).

Faise público que prazo de presentación de instancias é TRES días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As persoas interesadas poden obter o modelo normalizado de solicitude e as bases da convocatoria, tanto na páxina web do concello - <http://www.neda.gal> - como no Rexistro Xeral do mesmo, sito na Avda. de Algeciras, nº. 34.

Neda, na data que se indica na sinatura dixital.  
O ALCALDE,  
Asdo.: Angel Alvariño Saavedra.